



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Informe inicial de avaliación das ofertas presentadas no procedemento para a contratación administrativa do servizo para a xestión e explotación da cafetería do Parlamento de Galicia mediante procedemento negociado sen publicidade

O 12 de setembro de 2016 a Mesa do Parlamento de Galicia acordou aprobar os pregos e a apertura da fase de adxudicación desta contratación.

O 14 de setembro de 2016 foron remitidas as preceptivas invitacións as seguintes empresas:

- Ayaso Sainz Alberto 000569266 B SLNE.
- Galicia Vella de inversiones y Logística, S.L.
- Samaná Hostelería, S.L.
- Sala Gradín, S.L.
- Digoclau, S.L.

Rematado o prazo concedido para presentar ofertas, rexistraron a súa respectiva proposición as cinco empresas convidadas.

De conformidade co establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, o 25 de outubro de 2016 se reúnen no Pazo do Parlamento os seguintes membros da Comisión negociadora que se encargará de desenvolver a fase de negociación coas empresas licitadoras:

- F. Javier Freire González, xefe do Servizo Persoal de Réxime Interior.
- José Ramón de la Fuente Rodríguez, administrativo do Servizo Persoal de Réxime Interior.

Logo de analizado o contido do **sobre A** das empresas concorrentes, compróbase o seguinte:

- **Galicia Vella de inversiones y Logística, S.L. e Digoclau, S.L.: non presentan declaración de adscrición de medios.** Ao teor da cláusula sexta e do apartado 14 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas estableceuse como obriga contractual esencial o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que a xuízo do órgano de contratación deberían cumprir os requisitos da cláusula sexta do prego de prescricións técnicas; para estes efectos os licitadores debían presentar a declaración de adscrición de medios do anexo IV do prego, advertindo claramente que non se admitiría a participar a ningunha empresa que non acreditara, mediante esta declaración, que os traballadores que desenvolverán a prestación do servizo posúen os devanditos requisitos.

A falta da declaración de adscrición de medios no sobre "A" é un defecto non subsanable, polo tanto procede a súa exclusión do procedemento de contratación.

- **Ayaso Sainz Alberto 000569266 B SLNE, Samaná Hostelería, S.L., Sala Gradín, S.L., presentan a documentación requirida.**

Se procede entón a avaliación das ofertas presentadas polas tres empresas que continúan no procedemento. Logo do estudo da documentación presentada nos **sobres "B" e "C"**, conclúese o seguinte:



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

A oferta do sobre "B" de **Samaná Hostelería, S.L.** consiste nunha **única** folla na que se limita a facer unha simple declaración de intencións sobre varios aspectos da prestación do servizo sen especificar absolutamente nada da súa oferta respecto dos criterios **de** adxudicación suxeitos a xuízos de valor. **Esta documentación non permite valorar os distintos criterios de adxudicación e o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas** da licitación tal e como se establece no apartado 17 do cadro de especificacións do contrato.

Dado que non é posible avaliar esta oferta, simplemente porque **non** existe, é excluída do procedemento de adxudicación.

A oferta do sobre "B" de **Ayaso Sainz Alberto 000569266 B SLNE** consiste nunha memoria moi xenérica cunha declaración de intencións sobre como prestarían o **servizo**, sen especificar ningún dos apartados establecidos nos pregos para cuantificar.

Presenta un exemplo de menú cunha planificación para dúas semanas de dúas tempadas e un só menú de comedor. Define tamén 4 variantes de coffee-break e oferta como mellora unha máquina expendedora. A documentación presentada só permitiría **valorar** parcialmente algúns dos criterios de adxudicación, mais no sobre "C" esta empresa **presenta unha oferta de prezo para menús do autoservizo e servizo en mesa que excede ao orzamento máximo** establecido nos pregos e por iso procede excluir tamén a esta empresa para continuar no procedemento de adxudicación.

A oferta do sobre "B" de **Sala Gradín, S.L.**, presenta en soporte **papel e electrónico (CD)** a documentación na que figuran as características técnicas da súa oferta e permiten valorar os distintos criterios de adxudicación e o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas da licitación.

Na antedita documentación faise referencia expresa á utilización de produtos frescos e á comida sá con produtos de proximidade. Manifestase o compromiso de confeccionar menús baseados no concepto de comida tradicional ou caseira, coa inclusión do maior número posible de verduras e legumes, fuxindo en parte dos azúcares e grasas animais e buscando sempre un equilibrio nutricional e calórico.

Faise unha descrición polo miúdo da elaboración dos menús coa proporción dos ingredientes e datos nutricionais e calóricos por ración.

Formúlase unha programación de menús diarios de autoservizo para un período dun mes en dúas tempadas.

Establecese un grupo de pratos que se incluírán na carta do comedor cunha detallada descrición da súa elaboración e ingredientes.

Presentan receitas de elaboración e varios menús para persoas con necesidades especiais, vexetarianas, con diabetes e celíacas,...

Define 4 modalidades de coffee-break ben equilibradas e 4 variantes de viños de honra.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Non presenta ningunha mellora.

A cuantificación en puntos dos distintos apartados que compoñen os criterios para valorar inclúense no seguinte cadro:

| | | | | |
|----------------------------------|--------------------------------------|----------------------------------|-------|----|
| A) CALIDAD | PRODUCTOS | FRESCURA 8 ptos. | A 6-8 | 5 |
| | | | M 3-5 | |
| | | | B 0-2 | |
| | | VARIEDAD 4 ptos. | A 3-4 | 4 |
| | | | M 2 | |
| | | | B 0-1 | |
| | PROCEDENCIA 4 ptos. | A 3-4 | 3 | |
| | | M 2 | | |
| | | B 0-1 | | |
| | ELABORACIÓN | DESCRIPCIÓN E DETALLES 3 ptos | A 3 | 3 |
| | | | M 2 | |
| | | | B 0-1 | |
| BASE DOS MENÚS 3 ptos | | A 3 | 3 | |
| | | M 2 | | |
| | | B 0-1 | | |
| EQUILIBRIO NUTRICIONAL 3 ptos | A 3 | 3 | | |
| | M 2 | | | |
| | B 0-1 | | | |
| HIXIENE | CONTROLES 3 ptos | A 3 | 1 | |
| | | M 2 | | |
| | | B 0-1 | | |
| B) PLANIFICACIÓN | MENÚ AUTOSERVICIO E CARTA 5 ptos. | A 4-5 | 5 | |
| | | M 3-2 | | |
| | | B 0-1 | | |
| | MENÚS INSTITUCIONAIS 3 ptos. | A 3 | 2 | |
| | | M 2 | | |
| | | B 0-1 | | |
| MENÚS ESPECIAIS 3 ptos. | A 3 | 3 | | |
| | M 2 | | | |
| | B 0-1 | | | |
| C) MELLORAS | AMBIENTACION 6 ptos. | A 5-6 | - | |
| | | M 3-4 | | |
| | | B 0-2 | | |
| | COMPLEMENTOS E OUTROS | A 4 | - | |
| | | M 2-3 | | |
| | | B 0-1 | | |
| | | M 2-3 | | |
| | | B 0-1 | | |
| Puntuación Total | | | | 32 |



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Respecto do sobre "C" compróbase que Sala Gradín, S.L. presenta prezo para todos menús e os produtos segundo o anexo V do prego, e que non se excede respecto dos menús do autoservizo e menú en mesa (os únicos para os que hai establecido prezo máximo); ao ser a única oferta que compre valorar neste sobre non procede asignación de puntuación, cuxas fórmulas só teñen sentido para puntuar varias ofertas.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2016



Javier Freire González
PARLAMENTO
DE GALICIA



José Ramón de la Fuente Rodríguez